



Global express

A actualidade na aula

Arxentina: fúndese na crise

1



© REUTERS/CORDON PRESS

1. Escribe tres palabras que definan a fotografía.

2. ¿Que cres que piden estas persoas?

3. ¿Que sabías de Arxentina? Escribe cinco palabras que definan a túa idea sobre este país.

2. ¿Por que hai crise en Arxentina?

As causas do estoupido social en Arxentina son moitas e complexas. A crise económica agrávase desde hai catro anos e aféctalle cada día a máis xente. Actualmente o 44% da poboación arxentina vive baixo o nivel da pobreza (a cesta básica de alimentos calcúlase que equivale a 75 euros ó mes) e o paro é máis alto ca nunca. Entre as causas desta desesperada situación imos sinala-las tres que consideramos máis importantes:

A débeda externa

A débeda pública, que Arxentina contraeu cos bancos estranxeiros e coas institucións internacionais, ascende actualmente a máis de 130 mil millóns de dólares. Isto significa que a terceira parte do orzamento nacional se dedica ó pagamento desta débeda, que aumenta imparable con novos préstamos para paga-los xuros.

As políticas liberais do FMI

Para obter novos préstamos, o Goberno arxentino debe cumprilas normas económicas que dicta o Fondo Monetario Internacional. Estas políticas de axuste pretenden reduci-lo déficit económico (maior gasto ca ingresos) obrigando os gobernos a diminuíren o gasto público (en servicios básicos como sanidade e educación) e a privatiza-las empresas públicas (de comunicacións, enerxía, transportes...).

4. Busca máis información sobre a débeda externa e reflexiona: ¿que supón para un país como Arxentina estar tan endebedado? _____

5. ¿Quen sofre máis directamente as políticas do FMI? ¿Quen se pode beneficiar destas mesmas políticas? _____

O "corralito" e os políticos

Entre as causas máis directas do estoupido social están as últimas medidas económicas do Goberno. O "corralito" representa a conxelación dos aforros e doutros depósitos bancarios de tódolos arxentinos, que só poden retirar unha cantidade semanal. Os políticos son acusados de ineptitude, corrupción e de telo seu diñeiro no estranxeiro.



EL PAÍS, 27 DE XANEIRO DE 2002

6. Observa a viñeta. ¿Cal é a credibilidade que lles dá ás propostas de solución dos políticos? _____

3. Protestar con cacharros

A crise social e económica estoupou violentamente pouco antes do Nadal. O "corralito", que impedía retirar diñeiro dos bancos, fixo que a empobrecida clase media arxentina saíse á rúa, xunto con parados, pensionistas e as familias máis pobres. O xornalista arxentino Joaquín Morales Solá conta as súas impresións dos días anteriores ó estoupido social nunha conversación: "Estiven lendo as estatísticas de pobreza e desocupación. ¿Por que este país non está en chamas? Esta é a pregunta que fago desde 1995: por qué esta sociedade aguanta tanto. Durante cinco anos preguntámonos por qué non saía a xente á rúa. Agora a pregunta é cándo volverá á casa." (El País, 6 de xaneiro de 2002).

7. Le e observa os seguintes titulares e imaxes:



© REUTERS/CORDON PRESS

A inminente depreciación do peso dispara os prezos en Arxentina.

EL PAÍS, 4 DE XANEIRO DE 2002.

En Arxentina empeza a haber fame. Catro millóns de indixentes senten cada día esta ameaza nun dos países con maior riqueza agrícola e gandeira do mundo. Nas provincias máis pobres e nos barrios das grandes cidades é difícil acceder á cesta básica de alimentos. O troco, sobre todo o intercambio de roupa e comida, é unha saída obrigada para sobrevivir

A ameaza da fame axecha sobre catro millóns de arxentinos.

EL PAÍS, 27 DE XANEIRO DE 2002.

O estoupido social en Arxentina obriga a dimitir ó presidente De la Rúa.

EL PAÍS, 21 DE DECEMBRO DE 2001.

O Fondo Monetario esíxelle a Duhalde un plan máis crible antes de aprobar créditos

EL PAÍS, 13 DE XANEIRO DE 2002.

¿Cando cres que acabarán as protestas populares contra o Goberno arxentino e as institucións e mailas empresas internacionais?

8. Volve le-las causas do estoupido da crise e comenta qué debería cambiar para atopar unha solución.

4. E nós, ¿que podemos facer?

9. Discutide na clase se son válidas cada unha das seguintes afirmacións:



EL PAIS, 27 DE XANEIRO DE 2002

- Arxentina non pagará máis a débeda externa.
- Deben convocarse eleccións para elixir un novo Goberno arxentino.
- As políticas económicas liberais do FMI permitirán saír da crise.
- Arxentina ten recursos naturais e humanos suficientes para que os arxentinos non teñan que pasar fame.



**Intermón
Oxfam**